



RESUMO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN CPI RAMÓN PIÑEIRO

RESUMO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN CPI RAMÓN PIÑEIRO

(Elaborado marzo 2017 – Actualizado marzo 2023)

- **XEFE DE EMERGENCIAS (XE)**: director/a do centro (SUPLENTES: xefes/as de estudos, secretario/a)
- **EQUIPO DE ALARMA E EVACUACIÓN (EAE)**: todo o persoal que traballa no centro (incluído o persoal colaborador de comedor).
- **PUNTO DE REUNIÓN**: pista de baloncesto na esquina máis afastada do centro (punto vermello pintado no chan).
- **SINAL PARA EVACUACIÓN**: timbre e serea con son constante (conserxería).
- **CENTRO DE CONTROL**: conserxería
- **RISCOS A CONSIDERAR**:
 - PRINCIPAL: Incendio.
 - SECUNDARIO: explosión gas propano / explosión caldeira.
 - EXTERNOS: vertido, nube tóxica, catástrofe natural (terremoto, vendaval...).
 - OUTROS: ameaza de bomba, intrusión violenta.

EN CASO DE INCENDIO PROCEDERASE DO SEGUINTE XEITO

1. A persoa que detecte o incendio debe dar o aviso ao **XEFE DE EMERXENCIAS (XE)** ou na súa ausencia, a outro membro do equipo directivo.
2. Unha vez confirmado o incendio, avalíarase a situación entre CONATO, URXENCIA PARCIAL ou XERAL. No caso dun CONATO, debe intervir o Equipo de Primeira Intervención (calquera dos traballadores de centro, actuando por parellas) e tratar de sufocalo cos medios á súa disposición.
3. De non poder facer fronte á situación, o XE solicitará a colaboración do resto do persoal.
4. Cando aínda así non se logra controlar a situación, o XE decretará a URXENCIA XERAL e ordenará a EVACUACIÓN do centro educativo (**son constante de TIMBRE e SIRENA**). Ademais, ordenará o corte das subministracións ao CONSERXE (auga, electricidade e gas) e comunicará tal circunstancia ás axudas exteriores a través do 112 (bombeiros e ambulancias de haber feridos) desde o CENTRO DE CONTROL

situado na conserxería. O XE será o encargado de recibir ás axudas exteriores e facilitarlles toda a información sobre os feitos e sobre o centro educativo (entrega de planos).

5. Unha vez ordenada a evacuación (**son constante de TIMBRE e SIRENA**), os membros do **EAE** dirixirán a evacuación cara ao punto de reunión e alí procederase ao reconto (cada profesor farase cargo do grupo co que está nese intre). Se se detectase algunha ausencia informarase aos bombeiros.

EN CASO DE EXPLOSIÓN PROCEDERASE DO SEGUIENTE XEITO

1. A persoa que detecte a explosión debe dar o aviso ao XE que deberá acudir ao lugar dos feitos para valorar a situación.
2. Tendo en conta a natureza da explosión, o XE decretará a URXENCIA XERAL e ordenará dar o sinal de EVACUACIÓN do centro educativo (timbre e sirena) e a intervención do EAE. Ademais, ordenará o corte das subministracións ao CONSERXE (auga, electricidade e gas) e comunicará tal circunstancia ás axudas exteriores 112 (bombeiros e ambulancias de haber feridos) desde o CENTRO DE CONTROL situado na conserxería. O XE será o encargado de recibir ás axudas exteriores e facilitarlles toda a información sobre os feitos e o centro educativo (entrega de planos)
3. Unha vez ordenada a evacuación, os membros do EAE dirixirán ao alumnado cara ao punto de reunión e alí procederase ao reconto. Se se detectase algunha ausencia, informarase aos bombeiros.

NORMAS PARA A EVACUACIÓN.

Sinal de alarma e evacuación: o interruptor que a activa está ben sinalizado na CONSERXERÍA (son constante de timbre e sirena).

Punto de reunión: todos/as os desaloxados camiñarán cara ao punto vermello pintado no chan na pista de baloncesto (se non é un terremoto poderán estar na pista cuberta, na parte mais afastada do edificio principal do centro educativo).

Responsables de grupo: cada docente será responsable de guiar ao grupo ao que está dando clase cando está soando a alarma.

EVACUACIÓN DOS ALUMNOS EN DIFERENTES CIRCUNSTANCIAS

Unha vez que se escoite o sinal de alarma desaloxaranse os edificios procedendo do seguinte xeito:

- **AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL, 1º E 2º PRIMARIA E BIBLIOTECA (planta baixa):** sairán pola PORTA POSTERIOR do edificio (porta da froita) e baixarán pola rampla camiño da pista de baloncesto cara ao punto de encontro.

- **AULAS DE 3º, 4º, 5º E 6º DE PRIMARIA (planta alta):** baixarán as escaleiras e sairán pola PORTA PRINCIPAL cara á pista de baloncesto.

- **AULAS PRINCIPAIS DA ESO (planta alta):** 1º e 2º da ESO baixarán as escaleiras cara á PORTA POSTERIOR do centro (porta da froita) saíndo polas ramplas cara á pista de baloncesto. 3º e 4º da ESO (e as correspondentes aulas de desdobre) camiñarán pola pasarela cara á aula de plástica e baixarán as escaleiras saíndo pola porta de tecnoloxía.

- **AULAS DO PASILLO DO LABORATORIO (planta alta posterior):** baixarán as escaleiras posteriores e sairán pola PORTA POSTERIOR do edificio principal cara ao punto de reunión.

- **AULAS DE INFORMÁTICA, PLÁSTICA E TECNOLOXÍA (edificio novo):** baixarán polas escaleiras do edificio novo (NUNCA ASCENSOR) e sairán polas PORTAS AZUIS cara ao punto de reunión.

- **AULA DE MÚSICA:** sairán pola porta da aula cara ao punto de reunión.

- **XIMANSIO:** sairán pola porta e se dirixirán cara ao punto de reunión.

- **PAVILLÓN:** sairán pola porta cara ao punto de reunión.

- **EDIFICIO ADMINISTRATIVO:** sairán pola porta cara ao punto de reunión.

- **COMEDOR ESCOLAR:** no caso de estar no comedor, os colaboradores adultos guiarán aos grupos do seguinte xeito (o persoal presente no centro colaborará cos mesmos):

1ª QUENDA

* **Mesas de Infantil e 1º de Primaria:** sairán pola porta máis próxima que dá ao patio das camelias cara ao punto de reunión.

* **Mesas de 2º, 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria:** sairán pola porta principal do comedor cara a porta da entrada principal do edificio en dirección ao punto de reunión.

2ª QUENDA

* **Mesas da ESO:** sairán pola porta que dá acceso ao patio das camelias fronte ao edificio administrativo e camiñarán cara ao punto de reunión na pista de baloncesto.

COMEDOR DE PROFESORES

Sairase pola porta pequena da sala de profesores cara ao punto de reunión.

Normas para o profesorado e colaboradores.

- Os alumnos non deben sacar os obxectos persoais. Deben deixar todo onde está.
- Cerrar as portas e as ventás.
- Comprobar se na aula ou noutras dependencias queda algún alumno/a do grupo.
- Non permitir que ningún alumno volva atrás por ningunha causa.
- Non permitir que ningún alumno se deteña na porta de saída.
- Intentar que a evacuación se faga rápido, sen correr, sen empuxóns e sen pánico.
- Comprobar que non falta ninguén no lugar de reunión.
- O persoal sen grupo ao cargo nese intre colaborará co resto de persoal.

Normas para o alumnado.

- Cada grupo de alumnos debe actuar segundo as ordes do seu profesor ou profesora.
- Non recollerán os seus obxectos persoais para evitar demoras.
- Os alumnos que ao soar a alarma se atopen noutras estancias (AL, PT ou aseos), deberán incorporarse coa maior rapidez posible ao seu grupo ou, se está moi lonxe del, ao grupo máis próximo.
- Todos os desprazamentos deberán facerse rápido, pero sen correr, sen empuxóns.
- Ningún alumno deberá quedarse a carón das portas de saída.
- En ningún caso se volverá atrás co pretexto de buscar a alguén.
- Non se separará do seu grupo en ningún caso.

Normas para o conserxe.

- Abrirá todas as portas de saída ao máximo.
- Cortará a corrente eléctrica de todo o edificio.
- Cortará o gas propano e o gasóleo de calefacción.
- Colaborará na posible extinción do incendio ou evacuación de feridos.

Simulacro de evacuación.

Ao longo do curso escolar farase un simulacro de evacuación. Con anterioridade ao día do simulacro, informarase aos pais do alumnado do mesmo para evitar alarmas. Rematada a evacuación farase unha avaliación da mesma e introduciranse as posibles medidas correctoras de cara á próxima evacuación (toma de tempos, incidencias, etc.).